

Firmado por: ***539***-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-09-13 08:39:31.00) , ***393***- MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (FECHA: 2024-09-12 14:03:55.00) , ***393***- JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2024-09-12 13:53:50.00)
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3/401 APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS DESTINADOS A ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL EN MATERIA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO (INCLUÍDA A ERRADICACIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS) DA INTEGRACIÓN DA MULLER E DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL PARA O EXERCICIO 2024.-
Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe do Servizo de Igualdade da Casa da Muller, do 5 de setembro de 2024, conformada/pola tenenta de alcaldesa delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro na defensa dos intereses xerais ou sectoriais mediante subvencións económicas tanto para sufragar gastos xerais como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social, e que a través dun procedemento de concorrência competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían aos concellos.

O artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, do 19 de abril de 2023.

Vistos:

Certificación de existencia de crédito da Tesourería Municipal do 13 de xuño de 2024 de existencia de consignación presupostaria na aplicación orzamentaria **23171.48900 RC 202400039474** (importe 25.000 €).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

Informe da xefa do Servizo de Fomento do 21 de xuño de 2024, conformado polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, don Miguel Fernández Méndez por suplencia do tenente de alcaldesa da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.

Informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal nº 2024/1242, do 29 de agosto de 2024, téndose en conta as observacións deste.

Con base no exposto, e visto que a Xunta de Goberno Local se reserva segundo o Acordo 40/607, do 24 de xullo de 2023, de delegación de competencias da XGL (Corporación 2023-2027), o exercicio de determinadas atribucións delegables, entre elas a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva."

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, do 19 de abril de 2023, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, se proceda á convocatoria para o exercicio 2024 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual, coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 25.000 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Igualdade (Casa da Muller) con cargo á aplicación orzamentaria **23171.48900**.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes:

"BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS DESTINADOS A ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL EN MATERIA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO (INCLUÍDA A ERRADICACIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS) DA INTEGRACIÓN DA MULLER E DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL - EXERCICIO ECONÓMICO 2024 (CONCELLERÍA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN - SERVIZO DE IGUALDADE)"

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Concellería de Muller, Igualdade e Inclusión (Servizo de

Igualdade), a asociacións e entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2024, de proxectos que benefician a colectivos no eido da promoción da igualdade de xénero e da diversidade afectivo-sexual.

Existen dúas liñas de subvención:

a) En materia de promoción da igualdade de xénero e de promoción da integración da muller:

- Fomento da igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais etc.
- Avanzar cara un municipio libre de violencia machista en sentido amplo.
- Fomento da participación da muller rural nos ámbitos socioculturais e no ámbito da sensibilización na igualdade de xénero e contra a violencia de xénero.

b) En materia de promoción da inclusión da diversidade afectivo-sexual (visibilización e sensibilización):

- Promover os dereitos humanos como modelo para a convivencia social e a inclusión das persoas LGTBIQ+
- Promover a sensibilización, formación e naturalización da diversidade sexual e de xénero das persoas LGTBIQ+
- Orientar e asesorar sobre cuestións legais, educativas, sanitarias, deportivas e sociais a persoas LGTBIQ+ e as súas familias.
- Visibilizar e apoderar o colectivo LGTBIQ+ no municipio de Lugo.

Só se recibirá subvención para unha única liña de subvención de xeito que de solicitarse para as dúas o órgano municipal competente decidirá cal é a liña que recibirá, se é o caso, subvención.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe "Gastos Subvencionables".

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento municipal, o Regulamento de control interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación vixente.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións, entidades ou persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas obrigatoriamente no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, aínda que poidan figurar no rexistro de fundacións do organismo competente ou en calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver proxectos que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da promoción da igualdade de xénero e/ou da igualdade afectivo-sexual.
- g) Desenvolver actividades que complementen a programación de fomento da igualdade de xénero e LGTBIQ+ realizada pola Concellería de Muller, Igualdade e Inclusión (Servizo de Igualdade).
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente, no orzamento xeral de 2024.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación das persoas que formen parte da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e/ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante da súa imaxe (Acordo plenario 9/124, do día 30 de xuño de 2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2024 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
---------	-------------------------	---------

Igualdade	23171.48900	25.000 €
-----------	-------------	----------

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa emenda a través da presentación electrónica da solicitude. Para estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: *“considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”*.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados dende **o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo, publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), e deberán inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo (Sede Electrónica <https://lugo.gal>).

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto solicitado, e a autorización ao Concello de Lugo para comprobar coas diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.
2. Fotocopia do NIF/CIF da entidade.
3. Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante, así como documento acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.
4. Composición da xunta directiva actualizada. Se a última constitución se realizou cunha antigüidade superior a un ano, xuntarase a ela unha certificación da/o

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

secretaria/o da entidade na que fará constar que a que se presenta continúa en vigor na actualidade.

5. Certificación bancaria actualizada na que figure o número de conta da entidade solicitante.

6. Memoria explicativa do proxecto cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o ANEXO II. Poderase presentar no seu lugar unha memoria cun formato diferente ao proposto no ANEXO II como modelo, na que en calquera caso se deberán incluír, como mínimo, os puntos establecidos no dito anexo.

7. Declaración responsable segundo o modelo que figura no ANEXO III destas bases, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

2. De que o proxecto para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos na solicitude.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve funcións retribuídas na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá do Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de persoas asociadas correspondentes ao ano 2024.

8. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá a presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía solicitada pola entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non ter débedas tributarias co Concello de Lugo.

9. Certificación da secretaría da entidade na que conste a existencia dun departamento ou vogalía de muller e igualdade, se fose o caso.

10. Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller, de ser o caso.

11. Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, **no prazo de 10 días**, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir o dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. **Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVIRTESE EXPRESAMENTE que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación que sexa valorable e puntuable.** A non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 ("Criterios de valoración e contía da subvención") implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro Xeral de entrada, seranlle remitidas ao Servizo de Igualdade (Casa da Muller).

O procedemento instruírse no Servizo de Igualdade (Casa da Muller) polo técnico ou técnica competente do dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, **competencia delegada nas/os tenentas/es de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os** conforme ao Acordo 40/607 da Xunta de Goberno Local, do 26 de xullo de 2023, de delegación de competencias da XGL (Corporación 2023-2027).

Comisión avaliadora:

Composición:

- Presidenta/e: xefe de servizo de Igualdade ou persoa que o substitúa.
- Vogal: unha/un técnica/o do Servizo de Igualdade ou persoa que a/o substitúa.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

- Vogal: unha/un funcionario/a do Servizo de Intervención.
- Secretaria/o: unha/un funcionaria/o do Servizo de Igualdade ou persoa que a/o substitúa.
- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións:

Emitir o ditame no que se concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

Órgano instructor:

Funcións:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considerárase desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende o requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostas na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

O órgano instructor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, competencia delegada nas/os tenentas/es de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/ros delegadas/os conforme Acordo 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023 de delegación de competencias da XGL (Corporación 2023-2027).

- Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento:

Este será de **SEIS MESES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de **quinze días hábiles**, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non se renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade subvencionable. O 10% do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade solicitante. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no título II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

1. A puntuación de cada proxecto efectuarase pola Comisión de Avaliación seguindo a aplicación dos seguintes criterios cun máximo de 13 puntos.

Criterio de valoración	Puntuación
Calidade técnica do proxecto: - Descrición clara do proxecto e dos seus obxectivos xerais e específicos e das accións para	Ata 8 puntos

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

Criterio de valoración	Puntuación
desenvolver acorde coas liñas subvencionables (ata 3 puntos) - Idoneidade dos obxectivos dende unha perspectiva de xénero ou de promoción dos dereitos LGTBIQ+ segundo a liña subvencionable (1 punto). - Número de persoas participantes no proxecto: acreditarase o número de participantes (ata 3 puntos): Entre 0 e 10 (1 punto) Entre 11 e 20 (2 puntos) Máis de 20 (3 puntos) - Fomento da integración social de colectivos vulnerables ou de especial sensibilidade (1 punto)	
Formación do persoal e/ou das persoas integrantes da entidade ou asociación en materia de xénero e igualdade e/ou diversidade afectivo-sexual	1 punto
Que as entidades ou asociacións xustifiquen que o proxecto ten un carácter continuado ao longo do tempo desenvolvéndose durante 3 ou máis anos.	1 punto
Que as entidades ou asociacións xustifiquen que o proxecto se desenvolve de xeito continuo durante o período subvencionado (de xeito semanal, quincenal, mensual...)	1 punto
Composición da xunta directiva: - Se está formada por unha porcentaxe de mulleres igual ou superior ao 50% (1 punto) - Se está formada integramente por mulleres (2 puntos)	Ata 2 puntos
Puntuación máxima	13 puntos

Para a xustificación dos criterios de valoración, será necesario:

- 1.- A descrición clara do proxecto e dos seus obxectivos xerais e específicos e das accións para desenvolver acorde coas liñas subvencionables e a idoneidade dos obxectivos dende unha perspectiva de xénero ou de promoción dos dereitos LGTBIQ+ segundo a liña subvencionable acreditarase na memoria do proxecto para executar.
- 2.- O número de persoas asociadas á entidade acreditarase mediante certificado expedido polo órgano competente da entidade que recolla o número de participantes dela.

3.- O fomento da integración social de colectivos vulnerables ou de especial sensibilidade acreditarase mediante certificado expedido polo órgano competente da entidade.

4.- Na formación do persoal e/ou das persoas integrantes da entidade ou asociación en materia de xénero e igualdade e/ou diversidade afectivo-sexual, só serán admisibles formacións destinadas ás persoas integrantes da xunta directiva da entidade beneficiaria, ou persoal desta con vínculo laboral, e deberá acreditarse documentalmente con certificados expedidos polas entidades formadoras ou declaración responsable da entidade onde se recolla toda a formación recibida na dita materia.

5.- Que as entidades ou asociacións xustifiquen que o proxecto ten un carácter continuado ao longo do tempo desenvolvéndose durante 3 ou máis anos, acreditarase na memoria do proxecto para executar.

6.- Que as entidades ou asociacións xustifiquen que o proxecto se desenvolve de xeito continuo durante o período subvencionado (de xeito semanal, quincenal, mensual...), acreditarase na memoria do proxecto para executar.

7.- A composición da xunta directiva acreditarase mediante acta de constitución da xunta directiva ou certificación da relación da xunta directiva actualizada expedida polo órgano competente da entidade.

2. Denegaráselles a subvención ás entidades:

a) Cuxos programas e/ou actividades non acaden unha puntuación mínima igual ou superior ao 30% da puntuación total (3,9 puntos).

b) Que soliciten subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción subvencionada, segundo o orzamento presentado (xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade).

3. Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes que, reunindo os requisitos, igualem ou superen a puntuación esixida, calcularase o *valor punto*. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da LXS, ratearase o importe total para repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Se a contía resultante dos cálculos aritméticos é superior á contía da subvención solicitada, concederase esta última.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto obxecto de subvención e se realicen dentro da anualidade subvencionada (anualidade 2024: entre o 1 de xaneiro de 2024

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

e o 31 de decembro de 2024) incluídos os gastos de persoal necesario sempre que se trate de persoal específico para o seu desenvolvemento.

1. Tamén serán subvencionables os gastos indirectos necesarios para o funcionamento e mantemento da asociación tales como: luz, teléfono, alugamento de instalación etc. sempre que se imputen ao programa subvencionado, na porcentaxe axustada que corresponda e ata un máximo do 20% do importe total da subvención concedida.
2. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
 - Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
 - Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
 - As facturas e demais documentos de valor probatorio emitidos por membros da asociación que se subvenciona.
 - Os impostos e taxas municipais.
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

Artigo 10. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións etc., que deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación dos proxectos que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello de Lugo.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos **engadirase o logotipo do Concello de Lugo e da Casa da Muller** en carteis, dípticos, folletos... que se efectúen en relación co proxecto subvencionado.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo a realización das actividades para o seu coñecemento e, se é o caso, a participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de persoas asociadas correspondente ao ano 2024.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Artigo 11. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 4 (forma de presentación de solicitudes), a seguinte documentación acreditativa da realización do proxecto:

a) **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade do proxecto subvencionado (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO IV (poderase presentar no seu lugar unha memoria cun formato diferente ao proposto no ANEXO IV como modelo, na que en calquera caso de deberán incluír como mínimo os puntos establecidos no dito anexo. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento).

Co obxecto de poder verificar a realización do proxecto, deberanse acompañar á memoria todas aquelas referencias existentes referidas á súa execución, tales como publicacións en redes sociais, notas e/ou novas de prensa, exemplares de folletos, carteis, libros, e material audiovisual en calquera formato etc. relacionados co proxecto. Tamén se poderán aportar fotografías realizadas durante a execución do proxecto.

Acreditarase mediante a pertinente fotografía a correcta utilización do logotipo do Concello de Lugo e da Casa da Muller na cartelería empregada para a difusión, publicidade e identificación do proxecto (carteis, dípticos, folletos...).

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifiquen gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse as/os usuarias/os, motivo e lugar, e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa entidade beneficiaria da subvención. Ademais, no caso de combustible, deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal gasto aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO IV.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e co R. d. 1619/212, do 30 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados e dos servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada selada pola entidade financeira. **En todo caso, estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal**, que establece que *"non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"*.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental das persoas receptoras, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados. Igualmente, deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e persoas receptoras destas. En todo caso, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

d) Declaración responsable segundo o modelo que figura no ANEXO V destas bases, acreditativa de:

- Subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización do proxecto para o que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no seu día na solicitude presentada e conforme ao orzamentado establecido.
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas (na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo) como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- De que o persoal que desenvolve funcións retribuídas nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá do Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de persoas asociadas correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) O cumprimento das obrigacións tributarias, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente (en canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizarase de oficio a comprobación tras a autorización segundo o ANEXO I).

f) No caso de solicitar e/ou recibir outras subvencións ou axudas por parte doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvencione, copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente (con xustificante de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a súa xustificación. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega da dita relación, deberase presentar certificación expedida pola/o secretaria/o da entidade coa relación de gastos para presentar ante os outros axentes financiadores.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no **prazo de 10 días**, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 12. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, entendéndose que a esixencia de xustificación de gastos relativos ao 10% refírese ao 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devindicado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. **As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento dela.**

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

De non ter xustificado o importe necesario para os efectos do cobramento integro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos como gastos subvencionables, minorarase o importe para percibir na contía necesaria, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, se é o caso, de acordo coa normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2024**

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse á entidade e concederáselle un **prazo de dez días** para cumprilo, advertíndoa de que de non proceder á emenda se lle terá por desistida da súa solicitude e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no **prazo improrrogable de 15 días**, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que lle correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple neglixencia.

2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no título IV da dita Lei 38/2003.

4. A presentación fóra de prazo da xustificación considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os ditos efectos, tras a tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 € no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 € no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV e V

Para solicitar subvención deberán presentarse os anexos I,II e III:

ANEXO I.- Modelo normalizado de solicitude de subvención.

ANEXO II.- Modelo normalizado de proxecto para cubrir polas persoas solicitantes de subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.- Modelo normalizado de declaración responsable.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os anexos IV e V:

ANEXO IV.- Modelo normalizado de memoria constando os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do proxecto.

ANEXO V.- Modelo normalizado de declaración responsable.

ANEXO I **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

 Concello de Lugo Área de Cohesión Social	MODELO 919
ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN PROXECTOS DESTINADOS A ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL EN MATERIA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO (INCLUÍDA A ERRADICACIÓN DAS VIOLENCIAS	

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

MACHISTAS), DA INTEGRACIÓN DA MULLER E DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL - EXERCICIO ECONÓMICO 2024**DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE**

NOME			
CIF		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:			
CONCELLO:	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO:			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME e APELIDOS:	NIF/NIE:
CARGO NA ASOCIACIÓN	
CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	

DATOS DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN:

DENOMINACIÓN:	
IMPORTE TOTAL DO ORZAMENTO	
IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.
- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.
- Autorízolle ao Concello de Lugo para comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Dona/don _____
Representante legal da entidade
(asinado dixitalmente)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria.

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación de acordo coas bases reguladoras:

- Fotocopia do NIF/CIF da entidade
- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.
- Composición da xunta directiva actualizada. Se a última constitución se realizou cunha antigüidade superior a un ano, xuntarase a esta unha certificación da/o secretaria/o da entidade facendo constar que a que se presenta continúa en vigor na actualidade.
- Certificación bancaria actualizada na que figure o número de conta da entidade solicitante.
- Proxecto e orzamento previsto de gastos e ingreso segundo o ANEXO II
- Declaración responsable segundo o ANEXO III ou documentación acreditativa.
- O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, acreditada mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá a presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía solicitada pola entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non ter débedas tributarias co Concello de Lugo.
- Certificación da secretaría da entidade na que conste a existencia dun departamento ou vogalía de muller e igualdade, se fose o caso.
- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller, de ser o caso.

ANEXO II

MODELO NORMALIZADO DO PROXECTO PARA SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2024

- Denominación:


- Descrición detallada do proxecto para o que se solicita a subvención que especifique os obxectivos xerais e específicos das accións para desenvolver:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024



- Estimación do número de persoas desagregadas por sexo e grupos de idade que participan no proxecto (acreditarse no momento da xustificación o número de participantes mediante documento xustificativo: actas, inscricións etc.):



- Indicar se o proxecto fomenta a integración social de colectivos vulnerables ou de especial sensibilidade:

- Obxectivos que persecue o proxecto. Indicar xustificadamente se inclúe para o seu desenvolvemento de xeito específico a perspectiva de xénero ou LGBTIQ+ (idoneidade dos obxectivos propostos dende as ditas perspectivas segundo a liña de subvención á que opta):

- Indicar xustificadamente se o persoal e/ou as persoas integrantes desta posúen formación en materia de xénero e igualdade e/ou diversidade afectivo-sexual:

- Indicar xustificadamente se a entidade ou asociación mantén unha traxectoria de coordinación e colaboración de carácter gratuíto nas súas actuacións co Concello de Lugo:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

- Indicar xustificadamente se o proxecto ten un carácter continuado ao longo do tempo desenvolvéndose durante 3 ou máis anos:

- Indicar se o proxecto se desenvolverá de xeito continuo durante o período subvencionado: semanal, quincenal, mensual... (detallar calendario e/ou duración do proxecto):

- Lugar previsto para a realización das actividades do proxecto:

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

Importe total de gastos	

Dona/don _____
Representante legal da entidade
(asinado dixitalmente)

ANEXO III**MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

Dona/Don _____ provista/o do NIF Nº _____
_____ en calidade de (presidenta/e, secretaria/o) de _____
_____ con enderezo social en _____
_____ de Lugo e con CIF Nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI (indica procedencia e contía) ☐ NON

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

2.- O proxecto para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos na descrición da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- De que o persoal que desenvolve funcións retribuídas nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de persoas socias correspondentes ao ano 2024.

Dona/Don _____

Representante legal da entidade
(asinado dixitalmente)

ANEXO IV
(XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DO PROXECTO QUE SE LEVOU A CABO DURANTE 2024

- Denominación:

- Descrición detallada do proxecto realizado (especificar en que consistiu exactamente o proxecto para o que se concedeu a subvención e os obxectivos xerais e específicos das actuacións desenvoltas):

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

- Número de persoas desagregadas por sexo e grupos de idade que participaron nas actividades do proxecto (acreditación do número de participantes mediante documento xustificativo: actas, inscricións etc.):

- Indicar xustificadamente se o proxecto fomentou a integración social de colectivos vulnerables ou de especial sensibilidade:

- Obxectivos acadados. Xustificación de se o proxecto incluíu para o seu desenvolvemento de xeito específico a perspectiva de xénero ou LGTBIQ+ segundo a liña subvencionable (idoneidade dos obxectivos propostos dende as ditas perspectivas):

- Xustificación de se o proxecto se desenvolveu de xeito continuo durante o período subvencionado: de xeito semanal, quincenal, mensual... (detallar calendario e/ou duración do proxecto):

- Lugar da realización das actividades:

- Recursos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

--

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 13/09/2024) , ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 12/09/2024) ,
393- Justo Díaz Rodríguez (FECHA: 12/09/2024)
Versión imprimible

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

Dona/Don _____
Representante legal da entidade
(asinado dixitalmente)

ANEXO V
(XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS
EFFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

Dona/Don _____ provista/o do NIF Nº
_____ en calidade de (presidenta/e, secretaria/o) de
_____ con enderezo social en
_____ de Lugo e con CIF Nº

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI (indica procedencia e contía) ☐ NON

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

2.- De que proxecto para o que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos na memoria de solicitude.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas (na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo) como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

5.- De que o persoal que desenvolve funcións retribuídas nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2024.

Dona/Don _____
Representante legal da entidade
(asinado dixitalmente)

CUARTO.- Que se proceda á publicación do texto integro desta resolución no boletín oficial da provincia no taboleiro electrónico municipal, na páxina web do Concello de Lugo, e deberá inserirse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

QUINTO.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e o prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 17.3.b, 18 e 20.8).

SEXTO.- Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás persoas interesadas, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4012061190899367913.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O que se fai público para xeral coñecemento a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.